# Boletín Oficial
## Provincia de Ourense

**N.º 184 · Mércores, 12 agosto 2015** *Dep. legal:* OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

## SUMARIO

**IV. ENTIDADES LOCAIS**

**Amoeiro**

Notificación de expediente de verteduras no lugar de Cabeanca......... 2

**Carballiño (O)**

Convocatoria para a contratación como persoal laboral temporal de 1 técnico/a de orientación laboral para a prestación do servizo de información, orientación e prospección de emprego.................... 2

**Cualedro**

Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2015, con cargo a baixas de partidas reducibles........................................................... 2

**Muíños**

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do Concello de Muíños........................................................... 3

Aprobación definitiva da Ordenanza de transparencia, acceso á información e reutilización.......................................... 7

**Porqueira**

Exposición pública da conta xeral correspondente ao exercicio de 2014 ........................................................... 22

**Vilamarín**

Exposición pública da aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana................................................. 22

**V. TRIBUNAIS E XULGADOS**

**Xulgado do Social n.º 2 de Ourense**

Notificación de resolución a Viveiros Amencer, SL, no procedemento despedimento/cesamentos en xeral 244/2015.............................. 22

Notificación de resolución a Viveiros Amencer, SL, no despedimento/cesamentos en xeral 317/2015.......................... 23

***IV. ENTIDADES LOCALES***

***Amoeiro***

*Notificación de expediente de vertidos en el lugar de Cabeanca ........ 2*

***Carballiño (O)***

*Convocatoria para la contratación como personal laboral temporal de 1 técnico/a de orientación laboral para la prestación del servicio de información, orientación y prospección de empleo ..................... 2*

***Cualedro***

*Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos número 4/2015, con cargo a bajas de partidas reducibles........................................................... 2*

***Muíños***

*Aprobación definitiva de la Ordenanza Municipal Reguladora de la Gestión de la Biomasa y Distancias de las Plantaciones del Ayuntamiento de Muíños ................................................... 5*

*Aprobación definitiva de la Ordenanza de Transparencia, Acceso a la Información y Reutilización .................................... 14*

***Porqueira***

*Exposición pública de la cuenta general correspondiente al ejercicio de 2014 ........................................................... 22*

***Vilamarín***

*Exposición pública de la aprobación provisional de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Bienes Inmuebles de Naturaleza Urbana ............................................ 22*

***V. TRIBUNALES Y JUZGADOS***

***Juzgado de lo Social n.º 2 de Ourense***

*Notificación de resolución a Viveiros Amencer, SL, en el procedimento despido/ceses en general 244/2015 ......................................... 23*

*Notificación de resolución a Viveiros Amencer, SL, en el despido/ceses en general 317/2015 .................................. 24*

# IV. ENTIDADES LOCAIS
# *IV. ENTIDADES LOCALES*

## Amoeiro

Anuncio

Unha vez intentada A notificación no último domicilio coñecido á persoa interesada no expediente sobre verteduras existentes no lugar de Cabeanca, no termo municipal de Amoeiro, nas parcelas 469, 470 ao 471 do polígono 34, de conformidade co disposto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por medio deste anuncio procédese á publicación substitutoria mediante a inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e nos taboleiros de edictos deste concello e no do concello correspondente ao do último domicilio coñecido.

O interesado poderá coñecer o contido íntegro do expediente comparecendo nas oficinas do Concello de Amoeiro co fin de que no prazo de quince días contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Ourense o interesado poderá formular as alegacións que considere oportunas en defensa dos seus intereses.

Amoeiro, 28 de xullo de 2015. O alcalde.

---

*Anuncio*

*Una vez intentada notificación en el último domicilio conocido a la persona interesada en el expediente sobre vertidos existentes en el lugar de Cabeanca, en el término municipal de Amoeiro, en las parcelas 469, 470 y 471 del polígono 34, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 59.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, por medio del presente anuncio se procede a la publicación sustitutoria mediante la inserción de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia y en los tablones de edictos de este ayuntamiento y en el del ayuntamiento correspondiente al del último domicilio conocido.*

*El interesado podrá conocer el contenido íntegro del expediente compareciendo en las oficinas del Ayuntamiento de Amoeiro, con el fin de que en el plazo de quince días, contados a partir de la publicación del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, el interesado podrá formular las alegaciones que estime oportunas en defensa de sus intereses.*

*Amoeiro, 28 de julio de 2015. El alcalde.*

***R. 2.939***

---

## O Carballiño

Anuncio

Convocatoria para a contratación de persoal laboral temporal, baixo a modalidade de obra ou servizo determinado (xornada parcial), para o seguinte posto de traballo:

1 técnico/a de orientación laboral para a prestación do servizo de información, orientación e prospección de emprego.

O prazo de presentación de instancias para a participación no proceso de selección por concurso de méritos será de cinco (5) días hábiles, a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Os interesados poderán consultar as bases de selección nas oficinas municipais, así como na páxina web do concello: www.carballino.org

O Carballiño, 7 de agosto de 2015. O alcalde.

Asdo.: Francisco José Fumega Piñeiro.

*Anuncio*

*Convocatoria para la contratación de personal laboral temporal, bajo la modalidad de obra o servicio determinado (12 meses a jornada parcial), para el siguiente puesto de trabajo:*

*1 técnico/a de orientación laboral para la prestación del servicio de información, orientación y prospección de empleo.*

*El plazo de presentación de instancias para la participación en el proceso de selección por concurso de méritos será de cinco (5) días hábiles, a contar a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia. Los interesados podrán consultar las bases de selección en las oficinas municipales, así como en la página web del ayuntamiento: www.carballino.org*

*O Carballiño, 7 de agosto de 2015. El alcalde.*

*Fdo.: Francisco José Fumega Piñeiro.*

***R. 3.057***

---

## Cualedro

Edicto

O Pleno desta Corporación, na sesión do 30 de xullo de 2015, aprobou o expediente de modificación de créditos número 4/2015, dentro do vixente orzamento municipal, para suplementos de crédito no seu estado de gastos, por un importe global de dezaoito mil euros (18.000,00 euros), financiado con cargo a baixas de partidas reducibles.

Para cumprir co disposto no artigo 177.2, en relación co 168.1, do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles na secretaría deste concello, co fin de que durante este, que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP, poidan formularse as reclamacións pertinentes, as cales deberán dirixirse ao alcalde deste concello; no caso de que transcorra o devandito prazo sen que se produzan reclamacións, a aprobación inicial elevarase a definitiva, sen necesidade de adoptar novo acordo que así o estableza, publicándose un resumo a nivel de capítulos do estado de gastos tras a dita modificación.

Cualedro, 30 de xullo de 2015. O alcalde.

Asdo.: Luciano Rivero Cuquejo.

---

*Edicto*

*El Pleno de esta Corporación, en la sesión del 30 de julio de 2015, aprobó el expediente de modificación de créditos número 4/2015, dentro del vigente presupuesto municipal, para suplementos de créditos en su estado de gastos por un importe global de dieciocho mil euros (18.000,00 euros), financiado con cargo a bajas de partidas reducibles.*

*En cumplimiento de los dispuesto en el artículo 177.2, en relación con el 168.1 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se expone al público, por el plazo de quince días hábiles, en la secretaría de este ayuntamiento, a fin de que durante este plazo, que comenzará a contarse desde el día siguiente al de la inserción del presente edicto en el BOP, puedan formularse las reclamaciones pertinentes, las cuales deberán dirigirse al alcalde de este ayuntamiento; en el caso de que transcurra dicho plazo sin que se produzcan reclamaciones, la aprobación inicial se elevará a definitiva, sin necesidad de adoptar nuevo acuerdo que así lo*

*establezca, publicándose un resumen a nivel de capítulos del estado de gastos tras la referenciada modificación.*

*Cualedro, 30 de julio de 2015. El alcalde.*

*Fdo.: Luciano Rivero Cuquejo.*

***R. 2.934***

## Muíños

Anuncio

Ao non presentaren reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Muíños con data 14 de novembro de 2014, relativo á aprobación da "Ordenanza reguladora da xestión da biomasa e das distancias das plantacións do Concello de Muíños", cuxo texto íntegro se publica en cumprimento do artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Ordenanza municipal reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do Concello de Muíños

De conformidade coa potestade regulamentaria atribuída polos artigos 4.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora do réxime local e 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, o Concello de Muíños, por medio desta ordenanza proponse a regulación da xestión da biomasa e da distancia das plantacións no solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, no ámbito das súas competencias, co obxecto de conseguir as axeitadas condicións de salubridade e seguridade para previr e evitar os incendios, protexendo deste as infraestruturas e equipamentos sociais, as zonas edificadas e as áreas forestais e naturais de valor especial.

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1.- Fundamento

A presente ordenanza é de aplicación no marco do disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e tamén na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e o Decreto 28/1999, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística.

Artigo 2- Finalidade

Esta ordenanza ten natureza non fiscal, e a súa finalidade é establecer as condicións para levar adiante a xestión da biomasa e a fixación das distancias para plantacións nos terreos clasificados como urbanos, de núcleo rural ou urbanizables delimitados sitos no termo municipal de Muíños.

Artigo 3.- Ámbito de aplicación

A presente ordenanza é de obrigado cumprimento para as persoas responsables conforme ao definido no artigo 4, que teñan o seus terreos dentro do termo municipal de Muíños. Conforme o disposto no artigo 4.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, a presente ordenanza será de aplicación en todo o non previsto pola lexislación básica.

Artigo 4.- Persoas responsables

Para os efectos desta ordenanza, entenderase como persoas responsables ás persoas titulares ou, se é o caso, aos titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos urbanos, urbanizables delimitados e de núcleo rural, así como as administracións, as entidades ou as sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das formas previstas legalmente, das vías de comunicación e das liñas de transporte de enerxía eléctrica, sobre os tipos de solo referidos anteriormente.

Artigo 5.- Definicións

Para os efectos desta ordenanza, defínense os seguintes termos:

Solo urbano: terreos que o planeamento urbanístico (Plan Xeral ou Normas Subsidiarias de Planeamento) tivera definido e clasificado como tal en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 9/2002.

Núcleos rurais: terreos que se incluían dentro dos núcleos rurais delimitados no planeamento municipal, de conformidade co disposto no artigo 13 da Lei 9/2002.

Solo urbanizable delimitado: terreos que non tendo a condición de solo urbano, de núcleo rural nin de solo rústico o planeamento urbanístico tivese definido e clasificado como tal ao poder ser obxecto de transformación urbanística nos termos fixados no artigo 14 da antedita Lei 9/2002.

Xestión da biomasa: a creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible, a través do control ou eliminación parcial ou total da biomasa vexetal por medio do emprego das técnicas máis recomendadas e coa intensidade e frecuencia para o cumprimento do obxecto previsto nesta ordenanza. Tendo en conta que os terreos situados en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable delimitado teñen unha natureza residencial ou habitacional, polo que os riscos para os bens e as persoas, por motivos de incendios de vexetación, deben minorarse drasticamente e primar a seguridade.

Capítulo II. Da xestión da biomasa

Artigo 6.- Xestión da biomasa

As persoas responsables terán a obriga de xestionar a biomasa dos predios incluídos en solo urbano, urbanizable delimitado ou de núcleo rural conforme aos criterios establecidos nesta ordenanza, así como mantelos nas debidas condicións de seguridade e salubridade, debendo proceder á súa desinfección e desratización periódica.

Artigo 7.- Criterios de xestión da biomasa

1- Consonte ao disposto na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as persoas responsables dos terreos situados en solo urbano, urbanizable delimitado ou núcleo rural deberán acometer os criterios de xestión da biomasa establecidos neste artigo para cada clase de terreo, en todo caso, antes do 30 de xuño de cada ano.

2- Nos terreos clasificados como solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado, as persoas responsables deberán facer a xestión da biomasa na totalidade da parcela conforme aos seguintes criterios:

a) Roza para a eliminación do estrato herbáceo e arbustivo sempre que supoña un mínimo risco para a propagación dos incendios incontrolados de vexetación. A data é unha previsión conforme ao estipulado na lei. En todo caso, o concello pode fixar unha data anterior se así o estima conveniente.

b) Poda e rareo do estrato arbóreo de forma que se manteña unha descontinuidade horizontal entre as copas das árbores e vertical entre estas e os estratos herbáceo e arbustivo. Este criterio non serán aplicable en parques e xardíns municipais, árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un mínimo risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación.

3- Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo,

parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión de biomasa estipulados na Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, que se recollen no anexo I desta ordenanza. As distancias mediranse desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, de ser o caso. As distancias no caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións mediranse desde o seu paramento. No caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, mediranse desde o límite das instalacións. No caso de cámpings, gasolineiras e industrias en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, as distancias para as especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 serán de 50 metros, desde o límite das instalacións. No caso dos cámpings, esta distancia medirase desde o peche perimetral.

4- Tal e como establece a disposición transitoria terceira Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais, mentres non se definan as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, serán directamente aplicables as obrigas derivadas do disposto no artigo 21 da lei, descritas no punto 3 deste artigo.

Artigo 8.- Execución subsidiaria

Se as persoas responsables non realizasen os traballos de xestión da biomasa nos prazos fixados polo concello, este poderá levar adiante estes, logo do previo apercibimento en forma e sen prexuízo da imposición, previo a tramitación do oportuno expediente, das sancións procedentes.

Os custos derivados deses traballos serán repercutidos, se é o caso, as persoas responsables, procedendo, de ser o caso, ao cobro dos gastos que se ocasionen ao concello a través do procedemento de constrixemento.

Capítulo III.- Das distancias das plantacións

Artigo 9.- Prohibicións e Distancias das repoboacións forestais e plantacións

1- De conformidade co disposto na Lei 7/2012, de montes, quedan prohibidas as repoboacións forestais nos terreos clasificados como solo urbano, urbanizable delimitado e de núcleo rural.

2- Se é o caso as repoboacións forestais preexistentes antes da entrada en vigor da Lei 7/2010, de montes, deberán adecuarse para gardar, respecto das edificacións, vivendas illadas, pozos, e instalacións industriais, a distancia mínima de 15 metros cando se trate de especies frondosas (Anexo II desta ordenanza), e de 30 metros no resto de especies, tal e como establece a Lei 7/2012 de montes de Galicia.

3- Nos supostos de plantacións de árbores froiteiras sebes ou árbores ornamentais as distancias serán as fixadas na correspondente ordenanza urbanística deste concello, e de non existir serán as fixadas pola normativa que resulte de aplicación.

Artigo 10.- Autorizacións e permisos para talas

1. As cortas e os abatementos de árbores que constituían masa arbórea, espazo boscoso, arboredo ou parque en solo urbano, núcleo rural e urbanizable delimitado estarán suxeitas á obtención da previa autorización municipal por parte deste concello.

2. Así mesmo, segundo o establecido na disposición transitoria 5ª da Lei 7/2012 de montes, o aproveitamento das masas forestais existentes no momento da entrada en vigor da Lei 7/2012 en solos urbanizables delimitados estará sometido ao réxime de autorizacións da citada lei ata o desenvolvemento urbanístico dos citados solos, momento en que precisarán da licenza municipal descrita no punto 1 deste artigo.

Capítulo IV. Réxime sancionador

Artigo 11.- Competencia

Correspóndelle ao Concello de Muíños a través da Alcaldía ou concelleiro no que delegue, a inspección e sanción das infraccións, previa a instrución do correspondente expediente, das obrigas reguladas nesta ordenanza. Cando se detecten infraccións de índole penal ou de competencia doutras administracións darase conta inmediata destas a autoridade ou organismo que corresponda.

Artigo 12.- Clasificación das infraccións

Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias as que se refire esta ordenanza, os actos u omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido.

As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Artigo 13.- Infraccións leves

a) Constitúe infracción leve as condutas constitutivas de infracción reguladas nesta ordenanza cando non deban cualificarse como graves ou moi graves.

b) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios regulados nesta ordenanza.

Artigo 14.- Infraccións graves

a) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios establecidos nesta ordenanza, unha vez notificada a súa obriga e despois de serlle notificada a valoración do custo destas, cando exista risco inminente de incendio para as vivendas e persoas.

b) Non permitir o acceso ao persoal de vixilancia a inspección dos terreos.

c) A negativa a subministrar información a autoridade municipal, funcionarios e axentes en cumprimento das súas funcións.

d) A realización de plantacións sen gardar as distancias establecidas na presente ordenanza.

e) A realización de plantacións nos lugares expresamente prohibidos na presente ordenanza.

f) A reincidencia en infraccións leves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción leve, cando así fose declarado por resolución firme.

Artigo 15.- Infraccións moi graves

a) Cando houbese grave repercusión nos recursos naturais.

b) A reincidencia en infraccións graves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción grave, cando así fose declarado por resolución firme.

c) A resistencia, coacción ou ameaza a autoridade municipal,funcionarios e axentes.

Artigo 16.- Sancións

1. As sancións aplicables serán as seguintes:

a) Por infraccións leves, multa dende 100 a 600 euros.

b) Por infraccións graves, multa dende 601 a 1.500 euros.

c) Por infraccións moi graves, multa de 1.501 a 3.000 euros.

2. As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios:

a) Grao de intencionalidade.

b) Contía do beneficio obtido.

c) Natureza dos prexuízos causados.

Disposición adicional

Como Anexo I a esta ordenanza inclúese a relación de especies non permitidas nas redes secundarias de xestión de biomasa, recollidas da disposición adicional 3ª da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais e como Anexo II a relación de especies de frondosas, recollidas do anexo I da Lei 7/2012 de montes de Galicia.

Anexo I

Relación de especies non permitidas nas redes secundarias de xestión da biomasa piñeiro do país, piñeiro silvestre, piñeiro de Monterrei, piñeiro de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, queiruga, carqueixa, xesta, carpaza, piorno, fento, silva e toxo.

Anexo II

Relación de especies de frondosas: ameneiro, pradairo, bidueiro, freixo, castiñeiro, cerdeira, carballo, cerquiño, sobreira, carballo albar, aciñeira, abeleira, faia, umeiro, loureiro, sorbeira do monte, capudre, nogueira e érbedo.

Disposición transitoria

As plantacións forestais existentes á entrada en vigor da presente ordenanza que, como consecuencia da súa aplicación, se atoparan a unha distancia menor á regulada no seu artigo 7, disporán dun período máximo de dous anos para adaptarse á citada disposición, agás autorización do órgano competente da Xunta de Galicia en materia forestal.

Disposición derrogatoria

Queda derrogada expresamente a ordenanza ata a data en vigor "Ordenanza reguladora da limpeza, salubridade, seguridade e bo estado dos terreos, soares, vías e espazos públicos", aprobada na sesión plenaria con data 20 de outubro de 2000.

Disposición derradeira

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogacións expresas.

Muíños, 29 de xullo de 2015. O alcalde.

Asdo.: Plácido Álvarez Dobaño.

---

*Anuncio*

*Al no presentarse reclamaciones durante el plazo de exposición al público, queda automáticamente elevado a definitivo el acuerdo plenario provisional del Ayuntamiento de Muíños de fecha 14 de noviembre de 2014, relativo a la aprobación de la "Ordenanza Reguladora de la Gestión de la Biomasa y de las Distancias de las Plantaciones del Ayuntamiento de Muíños, cuyo texto íntegro se publica en cumplimiento del artículo 17.4 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.*

*Ordenanza Municipal Reguladora de la Gestión de la Biomasa y Distancias de las Plantaciones del Ayuntamiento de Muíños*

*De conformidad con la potestad reglamentaria atribuida por los artículos 4.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora del Régimen Local y 6.1 de la Ley 5/1997, de 22 de julio, Reguladora de la Administración Local de Galicia, el Ayuntamiento de Muíños, por medio de la presente ordenanza, se propone la regulación de la gestión de la biomasa y de la distancia de las plantaciones, en suelo urbano, de núcleo rural y urbanizable delimitado, en el ámbito de sus competencias con el objeto de conseguir las adecuadas condiciones de salubridad y seguridad para prevenir y evitar los incendios, protegiendo de los mismos las infraestructuras y equipamientos sociales, las zonas edificadas y las áreas forestales y naturales de valor especial.*

*Capítulo I. Disposiciones generales*

*Artículo 1.- Fundamento*

*La presente ordenanza es de aplicación en el marco de lo dispuesto en la Ley 7/2012, de 28 de junio, de Montes de Galicia, en la Ley 3/2007, de 9 de abril, de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales de Galicia y también en la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia y el Decreto 28/1999, por el que se aprueba el Reglamento de Disciplina Urbanística.*

*Artículo 2- Finalidad*

*Esta ordenanza tiene naturaleza no fiscal, y su finalidad es establecer las condiciones para llevar adelante la gestión de la biomasa y la fijación de las distancias para plantaciones en los terrenos clasificados como urbanos, de núcleo rural o urbanizables delimitados situados en el término municipal de Muíños.*

*Artículo 3.- Ámbito de aplicación*

*La presente ordenanza es de obligado cumplimiento para las personas responsables conforme a lo definido en el artículo 4, que tengan sus terrenos dentro del término municipal de Muíños. Conforme a lo dispuesto en el artículo 4.2 de la Ley 5/1997, de 22 de julio, Reguladora de la Administración Local de Galicia, la presente ordenanza será de aplicación en todo lo no previsto por la legislación básica.*

*Artículo 4.- Personas responsables*

*A los efectos de esta ordenanza, se entenderá como personas responsables a las personas titulares o en su caso a los titulares del derecho de aprovechamiento sobre los terrenos urbanos, urbanizables delimitados y de núcleo rural, así como las administraciones, las entidades o las sociedades que tengan encomendada la competencia sobre la gestión, o cedida ésta en virtud de alguna de las formas previstas legalmente, de las vías de comunicación y de las líneas de transporte de energía eléctrica, sobre los tipos de suelo referidos anteriormente.*

*Artículo 5.- Definiciones*

*A los efectos de esta ordenanza, se definen los siguientes términos:*

*Suelo urbano: terrenos que el planeamiento urbanístico (Plan General o Normas Subsidiarias de Planeamiento) tuviese definido y clasificado como tal en virtud de lo dispuesto en el artículo 11 de la Ley 9/2002.*

*Núcleos rurales: terrenos que se incluían dentro de los núcleos rurales delimitados en el planeamiento municipal, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 13 de la Ley 9/2002.*

*Suelo urbanizable delimitado: terrenos que no teniendo la condición de suelo urbano, de núcleo rural ni de suelo rústico o planeamiento urbanístico tuviese definido y clasificado como tal al poder ser objeto de transformación urbanística en los términos fijados en el artículo 14 de la antedicha Ley 9/2002.*

*Gestión de la biomasa: creación y mantenimiento de la discontinuidad horizontal y vertical de la carga de combustible, a través del control o eliminación parcial o total de la biomasa vegetal por medio del empleo de las técnicas más recomendadas y con la intensidad y frecuencia para el cumplimiento del objeto previsto en esta ordenanza. Teniendo en cuenta que los terrenos situados en suelo urbano, de núcleo rural o urbanizable delimitado tienen una naturaleza residencial o habitacional, por lo que los riesgos para los bienes y las personas, por motivos de incendios de vegetación, deben aminorarse drásticamente y primar la seguridad.*

*Capítulo II. De la gestión de la biomasa*

*Artículo 6.- Gestión de la biomasa*

*Las personas responsables tendrán la obligación de gestionar la biomasa de las fincas incluidas en suelo urbano, urbanizable delimitado o de núcleo rural conforme a los criterios establecidos en esta ordenanza, así como mantenerlas en las debidas condiciones de seguridad y salubridad, debiendo proceder a su desinfección y desratización periódica.*

*Artículo 7.- Criterios de gestión de la biomasa*

*1- Conforme a lo dispuesto en la Ley 3/2007, de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales de Galicia, las per-*

*sonas responsables de los terrenos ubicados en suelo urbano, urbanizable delimitado o núcleo rural deberán acometer los criterios de gestión de la biomasa establecidos en este artículo para cada clase de terreno, en todo caso, antes del 30 de junio de cada año.*

*2- En los terrenos clasificados como suelo urbano, suelo de núcleo rural y suelo urbanizable delimitado, las personas responsables deberán hacer la gestión de la biomasa en la totalidad de la parcela conforme a los siguientes criterios:*

*a) Roza para la eliminación del estrato herbáceo y arbustivo, siempre que suponga un mínimo riesgo para la propagación de los incendios incontrolados de vegetación. La fecha es una previsión conforme a lo estipulado en la ley. En todo caso, el ayuntamiento puede fijar una fecha anterior si así lo estima conveniente.*

*b) Poda y rareo del estrato arbóreo de forma que se mantenga una discontinuidad horizontal entre las copas de los árboles y vertical entre estas y los estratos herbáceo y arbustivo. Este criterio no será aplicable en parques y jardines municipales, árboles representativos o aquellos que cumplan funciones ornamentales o se encuentren aislados y no supongan un mínimo riesgo para la propagación de incendios incontrolados de vegetación.*

*3- En los espacios previamente definidos como redes secundarias de fajas de gestión de biomasa en los planes municipales de prevención y defensa contra los incendios forestales, será obligatorio para las personas responsables, en los términos establecidos en el artículo 21 ter de la Ley 3/2007, de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales de Galicia, gestionar la biomasa vegetal en una franja de 50 metros perimetral al suelo urbano, de núcleo rural y urbanizable delimitado, así como alrededor de edificaciones, viviendas aisladas y urbanizaciones, depósitos de basura, parques e instalaciones industriales, situadas a menos de 400 metros del monte, de acuerdo con los criterios para la gestión de biomasa estipulados en la Ley 3/2007 de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales de Galicia y en su normativa de desenvolvimiento.*

*Además, en los primeros 30 metros no podrá haber las especies señaladas en la disposición adicional tercera de la Ley 3/2007, que se recogen en el anexo I de esta ordenanza. Las distancias se medirán desde el límite del suelo urbano o núcleo rural, en su caso. Las distancias en caso de edificaciones, viviendas aisladas o urbanizaciones se medirán desde su paramento. En el caso de depósitos de basura, parques e instalaciones industriales, se medirán desde el límite de las instalaciones. En el caso de cámpings, gasolineras e industrias en que se desenvuelvan actividades peligrosas conforme a lo establecido en la Ley 1/1995, de 2 de enero, de Protección Ambiental de Galicia, y en su normativa de desenvolvimiento, las distancias para las especies señaladas en la disposición adicional tercera de la Ley 3/2007 serán de 50 metros, desde el límite de las instalaciones. En el caso de los cámpings, esta distancia se medirá desde el cierre perimetral.*

*4- Tal y como establece la disposición transitoria tercera de la Ley 3/2007 de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales, mientras no se definan las redes secundarias de fajas de gestión de la biomasa en los planes municipales de prevención y defensa contra los incendios forestales, serán directamente aplicables las obligaciones derivadas de lo dispuesto en el artículo 21 de la ley, descritas en el punto 3 de este artículo.*

*Artículo 8.- Ejecución subsidiaria*

*Si las personas responsables no realizasen los trabajos de gestión de la biomasa en los plazos fijados por el ayuntamiento, este podrá llevarlos adelante, luego del previo apercibimiento en forma y sin prejuicio de la imposición, previo a la tramitación del oportuno expediente, de las sanciones procedentes.*

*Los costes derivados de eses trabajos serán repercutidos, en su caso, a las personas responsables, procediendo, en su caso, al cobro de los gastos que se ocasionen al ayuntamiento a través del procedimiento de apremio.*

*Capítulo III. De las distancias de las plantaciones*

*Artículo 9.- Prohibiciones y distancias de las repoblaciones forestales y plantaciones*

*1- De conformidad con lo dispuesto en la Ley 7/2012, de Montes, quedan prohibidas las repoblaciones forestales en los terrenos clasificados como suelo urbano, urbanizable delimitado o de núcleo rural.*

*2- En su caso, las repoblaciones forestales preexistentes antes de la entrada en vigor de la Ley 7/2010, de Montes, deberán adecuarse para guardar, respecto de las edificaciones, viviendas aisladas, pozos, e instalaciones industriales, a distancia mínima de 15 metros cuando se trate de especies frondosas (Anexo II de esta ordenanza), y de 30 metros en el resto de especies, tal y como establece la Ley 7/2012 de Montes de Galicia.*

*3- En los supuestos de plantaciones de árboles frutales, setos o árboles ornamentales, las distancias serán las fijadas en la correspondiente ordenanza urbanística de este ayuntamiento, y de no existir serán las fijadas por la normativa que resulte de aplicación.*

*Artículo 10.- Licencias y permisos para talas*

*1. Las talas y los abatimientos de árboles que constituían masa arbórea, espacio boscoso, arboleda o parque en suelo urbano, núcleo rural y urbanizable delimitado estarán sujetas a la obtención de la previa autorización municipal por parte de este ayuntamiento.*

*2. Asimismo, según lo establecido en la disposición transitoria 5ª de la Ley 7/2012 de Montes, el aprovechamiento de las masas forestales existentes en el momento de la entrada en vigor de la Ley 7/2012 en suelos urbanizables delimitados estará sometido al régimen de autorizaciones de la citada ley hasta el desenvolvimiento urbanístico de los citados suelos, momento en que necesitarán la licencia municipal descrita en el punto 1 de este artículo.*

*Capítulo IV. Régimen sancionador*

*Artículo 11.- Competencia*

*Corresponde al Ayuntamiento de Muíños, a través de la Alcaldía o concejal en el que delegue, la inspección y sanción de las infracciones, previa la instrucción del correspondiente expediente, de las obligaciones reguladas en esta ordenanza. Cuando se detecten infracciones de índole penal o de competencia de otras administraciones se dará cuenta inmediata de estas a la autoridad u organismo que corresponda.*

*Artículo 12.- Clasificación de las infracciones*

*Se consideran infracciones administrativas en relación con las materias a las que se refiere esta ordenanza, los actos u omisiones que contravengan lo establecido en las normas que integran su contenido.*

*Las infracciones se clasificarán en leves, graves y muy graves.*

*Artículo 13.- Infracciones leves*

*a) Constituye infracción leve las conductas constitutivas de infracción reguladas en esta ordenanza cuando no deban cualificarse como graves o muy graves.*

*b) No proceder a la gestión de la biomasa con los criterios regulados en esta ordenanza.*

*Artículo 14.- Infracciones graves*

*a) No proceder a la gestión de la biomasa con los criterios establecidos en esta ordenanza, una vez notificada su obligación y después de serle notificada la valoración del coste de*

*estas, cuando exista riesgo inminente de incendio para las viviendas y las personas.*

*b) No permitir el acceso al personal de vigilancia a la inspección de los terrenos.*

*c) La negativa a suministrar información a la autoridad municipal, funcionarios y agentes en cumplimiento de sus funciones.*

*d) La realización de plantaciones sin guardar las distancias establecidas en la presente ordenanza.*

*e) La realización de plantaciones en los lugares expresamente prohibidos en la presente ordenanza.*

*f) La reincidencia en infracciones leves. Se entiende que existe reincidencia por la comisión en el término de un año de una infracción leve, cuando así fuese declarado por resolución firme.*

*Artículo 15.- Infracciones muy graves*

*a) Cuando hubiese grave repercusión en los recursos naturales.*

*b) La reincidencia en infracciones graves. Se entiende que existe reincidencia por la comisión en el término de un año de una infracción grave, cuando así fuese declarado por resolución firme.*

*c) La resistencia, coacción o amenaza a la autoridad municipal, funcionarios y agentes.*

*Artículo 16.- Sanciones*

*1. Las sanciones aplicables serán las siguientes:*

*a) Por infracciones leves, multa desde 100 a 600 euros.*

*b) Por infracciones graves, multa desde 601 a 1.500 euros.*

*c) Por infracciones muy graves, multa desde 1.501 a 3.000 euros.*

*2. Las sanciones se graduarán en función de los siguientes criterios:*

*a) Grado de intencionalidad.*

*b) Cuantía del beneficio obtenido.*

*c) Naturaleza de los perjuicios causados.*

*Disposición adicional*

*Como anexo I a esta ordenanza se incluye la relación de especies no permitidas en las redes secundarias de gestión de biomasa, recogidas de la disposición adicional 3ª de la Ley 3/2007 de Prevención y defensa contra los Incendios Forestales y como anexo II la relación de especies de frondosas, recogidas del anexo I de la Ley 7/2012 de Montes de Galicia.*

*Anexo I*

*Relación de especies no permitidas en las redes secundarias de gestión de la biomasa: pino del país, pino silvestre, pino de Monterrey, pino de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, brecina, carqueja, retama, brezo, piorno, helecho, zarza y tojo.*

*Anexo II*

*Relación de especies de frondosas: aliso, arce, abedul, fresno, castaño, cerezo, roble, quejigo, alcornoque, roble albar, encina, avellano, haya, humero, laurel, serbal de monte, serbal de los cazadores, nogal y madroño.*

*Disposición transitoria*

*Las plantaciones forestales existentes a la entrada en vigor de la presente ordenanza que, como consecuencia de su aplicación, se encontrarán a una distancia menor a la regulada en el artículo 7, dispondrán de un período máximo de dos años para adaptarse a la citada disposición, excepto autorización del órgano competente de la Xunta de Galicia en materia forestal.*

*Disposición derogatoria*

*Queda derogada expresamente la ordenanza hasta la fecha en vigor "Ordenanza Reguladora de la Limpieza, Salubridad, Seguridad y Buen Estado de los Terrenos, Solares, Vías y Espacios Públicos", aprobada en la sesión plenaria de fecha 20 de octubre de 2000.*

*Disposición final*

*La presente ordenanza fiscal entrará en vigor el mismo día de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogaciones expresas.*

*Muíños, 29 de julio de 2015. El alcalde.*

*Fdo.: Plácido Álvarez Dobaño.*

***R. 2.938***

---

## Muíños

Anuncio

Ao non presentaren reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional do Concello de Muíños con data 20 de decembro de 2014, relativo á aprobación da "Ordenanza de transparencia, acceso á información e reutilización do Concello de Muíños", cuxo texto íntegro se publica en cumprimento do artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Ordenanza de transparencia, acceso á información e reutilización

Capítulo I.- Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto garantir a transparencia na actuación de (entidade local), así como o exercicio de reutilización e acceso á información pública, establecendo os medios necesarios para iso, que serán preferentemente electrónicos.

Artigo 2. Ámbito subxectivo de aplicación

1. As disposicións desta ordenanza serán de aplicación a:

a) Entidade Local de Muíños

b) Os organismos autónomos, as entidades públicas empresariais e as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, vinculadas ou dependentes da entidade local.

c) As sociedades mercantís en cuxo capital social a participación, directa ou indirecta, das entidades previstas neste artigo sexa superior ao 50 por 100.

d) As fundacións de iniciativa pública local ou de participación maioritaria da entidade local, ben sexa na súa dotación fundacional ou patrimonial ou nos seus órganos de goberno.

e) As asociación constituídas pola entidade local, organismos e demais entidades previstas neste artigo.

2. Calquera persoa física ou xurídica que preste servizos públicos ou exerza competencias administrativas de titularidade local, en todo o referido á prestación dos mencionados servizos ou no exercicio de potestades administrativas, deberá proporcionarlle á entidade local a información que sexa precisa para cumprir coas obrigas previstas nesta ordenanza. Os adxudicatarios de contratos administrativos estarán suxeitos á mesma obriga nos termos que se establezan nos respectivos contratos.

Artigo 3. Principios xerais

Serán de aplicación para as suxeitos incluídos no ámbito de aplicación do artigo 2.1 os seguintes principios xerais:

a) Publicidade

Presumirase o carácter público da información. O acceso poderá denegarse nos supostos expresamente previstos nas leis e nesta ordenanza mediante resolución motivada.

Así mesmo, publicarase por iniciativa propia aquela información que sexa relevante para garantir a transparencia da actividade, así como a que poida ser de maior utilidade para a sociedade e para a economía, permitindo e facilitando o control da súa actuación e o exercicio dos dereitos das persoas.

b) Reutilización

A información poderá ser reutilizada nos termos previstos na Lei 37/2007 e nesta ordenanza.

c) Accesibilidade universal

Garantirase o acceso universal das persoas á información pública nos termos establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, e nesta ordenanza, e especificamente ás persoas con discapacidade.

d) Accesibilidade inmediata

Estableceranse as medidas necesarias para que na medida do posible o acceso á información pública poida realizarse a través de medios electrónicos, sen necesidade de solicitude previa e de forma inmediata. Tamén se procurará que a publicación e posta a disposición se realice incluíndo ademais formatos electrónicos reutilizables sempre que sexa posible, todo iso sen prexuízo do dereito que asiste ás persoas a elixir a vía de comunicación.

e) Calidade

A información pública que se facilite ás persoas debe ser veraz, fidedigna, actualizada e comprensible. En toda publicación e posta a disposición indicarase a unidade responsable da información e a data da última actualización. Así mesmo, os responsables da publicación adaptarán a información para publicar, dotándoa dunha estrutura, presentación e redacción que facilite a súa completa comprensión por calquera persoa. A provisión de información pública deberá ser en todo momento eficaz, rápida e de calidade, debendo os empregados públicos da entidade local axudar ás persoas cando estas o soliciten e manténdose unha vía de comunicación específica entre a entidade local e os destinatarios da información.

Artigo 4. Dereitos das persoas

1. No ámbito do establecido nesta ordenanza, as persoas teñen os seguintes dereitos:

a) A acceder á información suxeita a obrigas de publicidade de acordo co establecido nesta ordenanza.

b) A ser informados se os documentos que conteñen a información solicitada ou dos que pode derivar a dita información, obran ou non en poder do órgano ou entidade, e, no caso de que non obren no seu poder, a que se lles informe sobre a entidade á que poderán dirixirse na súa procura.

c) A ser asistidas na súa busca de información.

d) A recibir o asesoramento adecuado e en termos comprensibles para o exercicio do dereito de acceso.

e) A recibir a información solicitada dentro dos prazos e na forma ou formato elixido de acordo co establecido nesta ordenanza.

f) A coñecer as razóns en que se fundamenta a denegación do acceso á información solicitada e, se é o caso, nunha forma ou formato distinto ao elixido.

g) A obter a información solicitada de forma gratuíta, sen prexuízo do aboamento, se é o caso, das exaccións que correspondan pola expedición de copias ou transposición a formatos diferentes do orixinal.

2. Calquera persoa, física ou xurídica, pública ou privada, poderá exercer os dereitos contemplados nesta ordenanza, sen que caiba esixir para iso requisitos tales como a posesión dunha nacionalidade, cidadanía, veciñanza ou residencia determinada.

3. As entidades incluídas no ámbito de aplicación da presente ordenanza non serán en ningún caso responsables do uso que calquera persoa realice da información pública.

Artigo 5. Obrigas de transparencia, reutilización e acceso á información.

1. Para o cumprimento das obrigas de transparencia, acceso á información e reutilización e nos termos previstos nesta ordenanza, as entidades mencionadas no artigo 2.1 deben:

a) Elaborar, manter actualizada e difundir, preferentemente por medios electrónicos, a través das súas páxinas web ou sedes electrónicas, a información cuxa divulgación se considere de maior relevancia para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública, permitir a reutilización da información e facilitar o acceso a esta.

b) Elaborar, manter actualizado e difundir un catálogo de información pública que obre no seu poder, con indicacións claras de onde pode encontrarse a dita información e ofrecer tamén o dito catálogo en formatos electrónicos abertos, lexibles por máquinas que permitan a súa redistribución, reutilización e aproveitamento.

c) Establecer e manter medios de consulta adecuados á información solicitada.

d) Adoptar as medidas de xestión da información que fagan fácil a súa localización e divulgación, así como a súa accesibilidade, interoperabilidade e calidade.

e) Publicar a información dunha maneira clara, estruturada e entendible para as persoas.

f) Publicar e difundir a información relativa ao contido do dereito de acceso á información, ao procedemento para o seu exercicio e ao órgano competente para resolver.

g) Publicar e difundir a información relativa aos termos da reutilización da información de forma clara e precisa para os cidadáns.

h) Difundir os dereitos que lles recoñece esta ordenanza ás persoas, asesorar a estas para o seu correcto exercicio e asistilas na busca de información.

i) Facilitar a información solicitada nos prazos máximos e na forma e formato elixido de acordo co establecido nesta ordenanza.

2. As obrigas contidas nesta ordenanza enténdense sen prexuízo da aplicación doutras disposicións específicas que prevexan un réxime máis amplo en materia de publicidade.

3. Toda a información prevista nesta ordenanza estará a disposición das persoas con discapacidade nunha modalidade accesible, entendendo por tal aquela que sexa subministrada por medios e en formatos adecuados de maneira que resulten accesibles e comprensibles, conforme co principio de accesibilidade universal e deseño para todos.

Capítulo II.- Principios xerais da información pública

Artigo 6. Definición

Enténdese por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que estean en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta ordenanza e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

Artigo 7. Dereito de acceso á información pública

1. Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos no artigo 105 b) da Constitución e desenvolvidos pola Lei 19/2013, do 9 de decembro.

2. A capacidade de obrar para exercitar este dereito, incluso cando se trate de menores de idade, rexerase polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8.- Límites ao dereito de acceso

1. A información pública regulada poderá ser limitada, ademais de nos supostos recollidos no artigo 14.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, en relación co exercicio delegado de competencias estatais e autonómicas, segundo prevexa a norma de delegación ou, se é o caso, respecto a calquera información que puidera afectar a competencias propias ou exclusivas doutra administración, cuxo dereito de acceso estea igualmente limitado pola normativa.

2. En todo caso, só se denegará o acceso á información pública afectada por algún dos límites enumerados no artigo 9 desta ordenanza e no punto anterior do presente artigo cando, tras a

resolución motivada e proporcionada previa, quede acreditado o prexuízo para aquelas materias e non exista un interese público ou privado superior que xustifique o acceso.

3. Se do resultado da dita ponderación, procedese a denegación do acceso, analizarase previamente a posibilidade de conceder o acceso parcial tras a omisión previa da información afectada polo límite de que se trate, salvo que diso resulte unha información distorsionada ou que careza de sentido. Cando se conceda o acceso parcial, deberá garantirse a reserva da información afectada polas limitacións e a advertencia e constancia desa reserva.

Artigo 9. Protección de datos persoais

1. Toda utilización da información pública a través dos distintos mecanismos previstos nesta ordenanza realizarase con total respecto aos dereitos derivados da protección de datos de carácter persoal, nos termos regulados na súa normativa específica e nos artigos 5.3 e 15 da Lei 19/2013.

2. A protección dos datos de carácter persoal non suporá un límite para a publicidade activa e o acceso á información pública cando o titular do dato falecese, salvo que concorran outros dereitos.

Igualmente, non se aplicará este límite cando os titulares dos datos os fixesen manifestamente públicos previamente ou fora posible a disociación dos datos de carácter persoal sen que resulte información enganosa ou distorsionada e sen que sexa posible a identificación das persoas afectadas.

3. Considéranse datos simplemente identificativos relacionados coa organización, funcionamento ou actividade pública dos órganos das entidades incluídas no artigo 2.1, os datos das persoas físicas que presten os seus servizos en tales órganos, consistentes unicamente no seu nome e apelidos, as función ou postos desempeñados, así como o enderezo postal ou electrónico, teléfono e número de fax profesionais.

Artigo 10. Unidades responsables da información pública

1. A entidade local establecerá sistemas para integrar a xestión de solicitudes de información dos cidadáns no funcionamento da organización interna que exercerán as seguintes funcións:

a) A tramitación das solicitudes de acceso á información e, se é o caso, das reclamacións que se interpoñan.

b) O asesoramento ás persoas para o exercicio do dereito de acceso e a asistencia a aquelas na busca da información, sen prexuízo das función que teñan atribuídas outras unidades administrativas.

c) A inscrición, se é o caso, no rexistro de solicitudes de acceso.

d) Crear e manter actualizado un catálogo de información pública que obre en poder da entidade local, con indicacións claras de onde pode encontrarse a dita información.

e) A elaboración dos informes en materia de transparencia administrativa, reutilización e dereito de acceso á información pública.

f) A difusión da información pública creando e mantendo actualizados enlaces con enderezos electrónicos a través dos cales poida accederse a ela.

g) A adopción das medidas oportunas para asegurar a paulatina difusión da información pública e a súa posta a disposición dos cidadáns, da maneira máis ampla e sistemática posible.

h) A adopción das medidas necesarias para garantir que a información pública se faga dispoñible en bases de datos electrónicas a través de redes públicas electrónicas.

i) Outras funcións que se lle poidan atribuír na materia necesarias para asegurar a aplicación das disposicións desta ordenanza.

Artigo 11. Medios de acceso

1. As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza están obrigadas a habilitar diferentes medios para facilitar a información pública, de modo que resulte garantido o acceso a todas as persoas, con independencia da súa formación, recursos, circunstancias persoais ou condición ou situación social. En todo caso, darase preferencia ao emprego de medios electrónicos e telemáticos.

2. Para estes efectos, ofrecerase acceso á información pública a través dalgúns dos seguintes medios:

a) Oficinas de información.

b) Páxinas web ou sedes electrónicas.

c) Servizos de atención telefónica.

Capítulo III.- Publicidade activa da información

Artigo 12. Obxecto e finalidade

1. Os suxeitos enumerados no artigo 2.1 publicarán, a iniciativa propia e de maneira gratuíta, a información pública cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade e a reutilización da información.

2. Especificamente, estarán obrigadas a publicar a información contida no Anexo I, que se estrutura en 7 áreas:

a) Institucional, organizativa, planificación e persoal.

b) Altos cargos e persoas que exercen a máxima responsabilidade.

c) Xurídica e patrimonial.

d) Contratación, convenios e subvencións.

e) Económica, financeira e orzamentaria.

f) Servizos e procedementos.

g) Urbanismo e medio ambiente.

Esta información ten carácter de mínimo e obrigatorio, sen prexuízo da aplicación doutras disposicións específicas que prevexan un réxime máis amplo en materia de publicidade, ou da posibilidade de ampliar o seu contido a vontade dos suxeitos obrigados.

Para o cumprimento da mesma, a entidade local poderá requirir a información que sexa precisa das persoas físicas e xurídicas que presten servizos públicos ou exerzan competencias administrativas, e dos contratistas, nos termos previstos no respectivo contrato.

2. Tamén será obxecto de publicidade activa aquela información cuxo acceso se solicite con maior frecuencia, e as resolucións que deneguen ou limiten o acceso á información unha vez fosen notificadas ás persoas interesadas, trala disociación previa dos datos de carácter persoal que contivesen.

Artigo 13.- Lugar de publicación

1. A información publicarase na páxina web ou sede electrónica das entidades incluídas no seu ámbito de aplicación, preferentemente, nun portal específico de transparencia.

2. A páxina web ou sede electrónica da entidade local conterá, así mesmo, os enlaces ás respectivas páxinas web ou sedes electrónicas dos entes dependentes da entidade local e o resto de suxeitos e entidades vinculadas a esta con obrigas de publicidade activa impostas pola normativa que lles sexa de aplicación.

3. A entidade local poderá adoptar outras medidas complementarias e de colaboración co resto de administracións públicas para o cumprimento das súas obrigas de publicidade activa, incluíndo a utilización de portais de transparencia e de datos abertos doutras entidades.

Artigo 14.- Órgano competente e forma de publicación

1. As entidades incluídas no artigo 2.1 da ordenanza identificarán e darán publicidade suficiente á información relativa aos órganos competentes responsables da publicación activa regulada neste capítulo. En defecto de previsión específica na súa normativa estatutaria, entenderase que a dita responsabilidade lle corresponderá ao superior órgano unipersoal colexiado de cada entidade.

2. Incluirase o catálogo completo de información obxecto de publicidade activa, indicando o órgano ou servizo do que procede a información, a frecuencia da súa actualización, a última data de actualización, os termos da súa reutilización e, se é o caso, a información semántica necesaria para a súa interpretación.

Artigo 15. Prazos de publicación e actualización

1. Deberá proporcionarse información actualizada, atendendo ás peculiaridades propias da información de que se trate.

2. A información pública manterase publicada durante os seguintes prazos.

a) A información das áreas a), b), c) e f) relacionadas no artigo 12.2. mentres manteña a súa vixencia.

b) A información da área d) relacionada no Artigo 12.2 mentres persistan as obrigas derivadas destes e, polo menos, dous anos despois de que estas cesen.

c) A información da área e) relacionada no artigo 12.2, durante cinco anos contados desde o momento que foi xerada.

d) A información da área g) relacionada no artigo 12.2, mentres manteña a súa vixencia e, polo menos, cinco anos despois de que cese esta.

3. A información publicada deberá ser obxecto de actualización no prazo máis breve posible e, en todo caso, respectando a frecuencia de actualización anunciada, de acordo coas características da información, as posibilidades técnicas e os medios dispoñibles.

4. En todo caso, adoptaranse as medidas oportunas para garantir que no mesmo lugar no que se publica a información pública se manteña a información que deixa de ser actual.

Capítulo IV.- Procedemento de acceso á información pública

Artigo 16.- Competencia

1. As entidades incluídas no ámbito de aplicación do artigo 2.1 desta ordenanza identificarán e darán publicidade suficiente á información pública, aos órganos competentes para resolver as solicitudes de acceso á información pública.

2. Os órganos das entidades a que se refire o artigo 2.1 da ordenanza que reciban as solicitudes de acceso inhibiranse de tramitalas cando, aínda tratándose de información pública que posúan, fora elaborada ou xerada na súa integridade ou parte principal por outra entidade. Así mesmo, inhibiranse cando non posúan a información solicitada, pero coñezan que órgano competente para resolver a posúa.

Nos casos mencionados no parágrafo anterior, remitiráselle a solicitude ao órgano que se estime competente e notificaráselle tal circunstancia ao solicitante.

3. Nos supostos nos que a información pública solicitada deba requirirse a persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas ou a contratistas da administración, a resolución sobre o acceso será ditada pola entidade á que se encontren vinculadas.

Artigo 17.- Solicitude

1. O procedemento para o exercicio do dereito de acceso iniciarase coa presentación da correspondente solicitude, que se deberá dirixir ao titular do órgano administrativo ou entidade que posúa a información. Cando se trate de información en posesión de persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, a solicitude dirixirase á Administración, organismo ou entidade dos previstos no artigo 2.1 a que se encontren vinculadas.

2. A solicitude poderase presentar por calquera medio que permita ter constancia:

a) Da identidade do solicitante.

b) Da información que se solicita.

c) Dun enderezo de contacto, preferentemente electrónico, para efectos de comunicacións.

d) Se é o caso, a modalidade que se prefira para acceder á información solicitada.

3. O solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información. Non obstante, poderá expoñer os motivos polos cales solicita a información e que poderán ser tidos en conta cando se dite a resolución. En todo caso, a ausencia de motivación non será por si soa causa de rexeitamento da solicitude.

4. Os solicitantes de información poderanse dirixir ás administracións públicas en galego ou castelán.

Artigo 18. Non admisión

1. Non se admitirán a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes:

a) Que se refiran a información que estea en curso de elaboración ou de publicación xeral. Neste caso, informarase na resolución do tempo previsto para a súa conclusión.

b) Referidas a información que teña carácter auxiliar ou de apoio como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas.

c) Relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración.

d) Dirixidas a un órgano en cuxo poder non conste a información cando se descoñeza o competente. Neste caso, indicarase na resolución o órgano que puidera ser competente para coñecer a información solicitada.

e) Que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia desta lei.

Artigo 19.- Tramitación

1. Se a solicitude se refire a información que non conste en poder do suxeito a que se dirixe, este remitiralla ao competente, se o coñece, e informará desta circunstancia ao solicitante.

2. Cando a solicitude non identifique de forma suficiente a información, pediráselle ao solicitante que a concrete nun prazo de dez días, con indicación de que, en caso de non facelo, se terá por desistido, así como da suspensión do prazo para ditar resolución.

3. Se a información solicitada pode afectar dereitos ou intereses de terceiros, debidamente identificados, concederáselles un prazo de quince días para que poidan realizar as alegacións que consideren oportunas. O solicitante deberá ser informado desta circunstancia, así como da suspensión do prazo para ditar resolución ata que se recibisen as alegacións ou transcorrese o prazo para a súa presentación.

4. Cando a información obxecto da solicitude, malia constar en poder do suxeito a que se dirixe, fose elaborada ou xerada na súa integridade ou parte principal por outro, remitiráselle a solicitude a este para que decida sobre o acceso.

Artigo 20.- Resolución

1. A resolución en que se conceda ou denegue o acceso deberáselles notificar ao solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitasen no prazo máximo dun mes dende a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.

Este prazo poderase ampliar por outro mes no caso de que o volume ou a complexidade da información que se solicita así o fagan necesario e logo de notificación ao solicitante.

2. Serán motivadas as resolucións que deneguen o acceso, as que concedan o acceso parcial ou a través dunha modalidade distinta á solicitada e as que permitan o acceso cando houbese oposición dun terceiro. Neste último suposto, indicaráselle expresamente ao interesado que o acceso só terá lugar cando transcorrese o prazo do artigo 21.2 desta Ordenanza.

3. Cando a simple indicación da existencia ou non da información supoña a vulneración dalgún dos límites ao acceso, indicarase esta circunstancia ao desestimarse a solicitude.

4. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa, entenderase que a solicitude foi desestimada.

5. As resolucións ditadas en materia de acceso á información pública son impugnables directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo da posibilidade de interposición da reclamación potestativa prevista no artigo 24 da Lei 19/2013.

6. O incumprimento reiterado da obriga de resolver en prazo terá a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos seus responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

Artigo 21. Formalización do acceso

1. O acceso á información realizarase preferentemente por vía electrónica, salvo cando non sexa posible ou o solicitante sinalase expresamente outro medio. Cando non se poida dar o acceso no momento da notificación da resolución deberá outorgarse, en calquera caso, nun prazo non superior a dez días.

2. Se existiu oposición de terceiro, o acceso só terá lugar cando, téndose concedido ese acceso, transcorrese o prazo para interpoñer recurso contencioso-administrativo sen que se formalizase ou fose resolto confirmando o dereito a recibir a información.

3. Se a información xa foi publicada, a resolución poderase limitar a indicarlle ao solicitante como pode acceder a ela.

4. O acceso á información será gratuíto. Non obstante, a expedición de copias ou a transposición da información a un formato diferente ao orixinal poderá dar lugar á exixencia de exaccións conforme a normativa vixente na materia.

Capítulo V.- Reutilización da información

Artigo 22. Definición

Enténdese por reutilización o uso da información e dos documentos que obran en poder da entidade local e os seus organismos vinculados, por persoas físicas ou xurídicas, con fins comerciais ou non comerciais, sempre que dito uso non constitúa unha actividade administrativa pública.

Artigo 23. Criterios xerais para a reutilización

1. Toda a información publicada ou posta a disposición pola entidade local e resto de entes obrigados, e en particular a considerada como publicidade activa, será accesible e susceptible de reutilización sen necesidade de autorización previa e de xeito gratuíto, salvo que nela se faga constar expresamente o contrario.

2. A reutilización da información estará suxeita unicamente aos límites da Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización do sector público e ao disposto na presente ordenanza nos caso no que proceda a aplicación de condicións específicas e sen prexuízo da posible esixencia de taxas e prezos públicos ou privados sobre reutilización.

Artigo 24.- Réxime aplicable a documentos reutilizables suxeitos a dereitos de propiedade intelectual e dereitos exclusivos

1. A reutilización da información regulada nesta ordenanza non se aplica aos documentos sometidos a dereitos de propiedade intelectual ou industrial especialmente por parte de terceiros.

Para os efectos desta ordenanza enténdese por dereitos de propiedade intelectual os dereitos de autor e dereitos afíns, incluídas as formas de protección específicas.

2. Esta ordenanza tampouco afecta á existencia de dereitos de propiedade intelectual dos entes incluídos no seu ámbito de aplicación.

3. As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza exercerán, en todo caso, os seus dereitos de autor dunha maneira que facilite a reutilización.

Artigo 25. Condicións de reutilización

1. A reutilización da información por persoas ou entidades está sometida ás seguintes condicións:

a) O contido non poderá ser alterado se leva consigo a perda do sentido e desnaturalización da información, de forma que poidan darse interpretacións incorrectas sobre o seu significado.

b) Deberase citar sempre á entidade que orixinariamente publicou a información como fonte e unha mención expresa da data da última actualización da información reutilizada.

c) Non se dará a entender de ningún modo que a entidade que orixinariamente publicou a información patrocina, colabora ou apoia o produto, servizo, proxecto ou acción no que se enmarque a reutilización, sen prexuízo de que este patrocinio, apoio ou colaboración poida existir baseándose nunha decisión ou acordo específico da citada entidade, en cuxo caso poderá facerse constar nos termos que se conteñan neste.

d) Deberanse conservar os elementos que garanten a calidade da información, sempre que iso non resulte incompatible coa reutilización a realizar.

2. A publicación ou posta a disposición de información pública leva consigo a cesión gratuíta e non exclusiva por parte da entidade que orixinariamente pública a información dos dereitos de propiedade intelectual que resulten necesarios para desenvolver a actividade de reutilización, con carácter universal e polo prazo máximo permitido pola lei.

Artigo 26. Exaccións

As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza poderán esixir exaccións sobre a reutilización da información para permitir cubrir os custos do servizo ou actividade incluíndo nos ditos custos exclusivamente os relativos á súa reprodución, posta a disposición e difusión.

Artigo 27. Exclusividade da reutilización

1. Quedan prohibidos os acordos exclusivos en materia de reutilización da información. A reutilización estará aberta a todos os axentes potenciais do mercado, incluso no caso de que un ou máis dos axentes exploten xa produtos con valor engadido baseados en información do sector público. Os contratos ou acordos doutro tipo existentes que conserven os documentos e os terceiros non outorgarán dereitos exclusivos.

2. Non obstante, cando sexa necesario un dereito exclusivo para a prestación dun servizo de interese público, a entidade incluída no ámbito de aplicación desta ordenanza revisará periodicamente e como máximo cada tres anos, a validez do motivo que xustificou a concesión do dereito exclusivo.

3. Respecto dos dereitos exclusivos relacionados coa dixitalización de recursos culturais, estarase á regulación específica da materia.

4. Todos os acordos que concedan dereitos exclusivos de reutilización serán transparentes e poranse en coñecemento do público.

Artigo 28.- Modalidades de reutilización da información

1. As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza clasificarán a reutilización de toda a información que obra no seu poder e que sexa publicada de acordo con algunha das seguintes modalidades de reutilización:

a) Modalidade de reutilización sen solicitude previa nin suxeición a condicións específicas. Esta será a modalidade de uso prioritaria e xeneralizada na que a información publicada ou posta a disposición será reutilizable e accesible, sen necesidade de autorización previa nin condicións específicas.

b) Modalidade de reutilización suxeita a modos de uso limitados ou a autorización previa. De forma excepcional, esta modalidade recollerá a reutilización de información posta a disposición con suxeición a condicións específicas establecidas nunha licenza-tipo ou nunha previa autorización, a cal poderá incorporar, así mesmo, condicións específicas.

2. As condicións específicas respectarán os seguintes criterios:

a) Serán claras, xustas e transparentes.

b) Non deberán restrinxir as posibilidades de reutilización nin limitar a competencia.

c) Non deberán ser discriminatorias para categorías comparables de reutilización.

d) Aplicaranse cando exista causa xustificada para iso e tralo acordo previo da entidade titular da información.

3. En todo caso, utilizarase o mínimo número posible de modos de uso limitados para regular os distintos supostos de reutilización suxeitos a condicións específicas e estes sempre estarán dispoñibles en formato dixital, aberto e procesable electronicamente. Estes modos de uso limitados poderán ser elaborados pola propia entidade, aínda que serán preferidas as de uso libre e gratuíto que gocen de ampla aceptación nacional e internacional ou aquelas que fosen consensuadas con ou por outras administracións públicas. Os modos de uso limitados serán publicados na sede electrónica.

4. As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza poderán modificar o contido das condicións específicas e modos de uso limitado xa existentes, así como aplicar condicións específicas e modos de uso limitado a conxuntos de datos ou documentos que previamente non as tiveran. Estas modificacións publicaranse na páxina web e obrigarán aos reutilizadores a partir da publicación ou posta a disposición da primeira actualización dos datos ou documentos que se realice despois de que a modificación fose publicada ou, en calquera caso, transcorridos seis meses desde a dita data.

Artigo 29. Publicación de información reutilizable

1. A publicación activa de información reutilizable incluirá o seu contido, natureza, estrutura, formato, frecuencia de actualización, modalidade de reutilización, así como as condicións aplicables e, no seu caso, a exacción aos que estea suxeita a reutilización que será accesible por medios electrónicos para que os axentes reutilizadores poidan realizar a autoliquidación e pagamento.

2. As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza facilitarán os seus documentos en calquera formato ou lingua en que existan previamente e, sempre que sexa posible e apropiado, en formato lexible por máquina e conxuntamente cos seus metadatos. Tanto o formato como os metadatos, na medida do posible, deben cumprir normas formais abertas. Concretamente, utilizaranse estándares clasificados na súa correspondente categoría con tipoloxía de abertos, na súa versión mínima aceptada e estado admitido seguindo o establecido na normativa técnica de interoperabilidade.

3. O apartado 2 non supón que as entidades incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza estean obrigadas, para cumprir o dito apartado, a crear documentos, adaptalos ou facilitar extractos de documentos, cando iso supoña un esforzo desproporcionado que leve consigo algo máis que unha simple manipulación. Non poderá esixirse ás citadas entidades que manteñan a produción e o almacenamento dun determinado tipo de documento con vistas á súa reutilización por unha entidade do sector privado ou público.

4. Os sistemas de busca de información e documentación publicada permitirá a indicación de busca de información reutilizable.

Artigo 30. Procedemento de tramitación de solicitudes de reutilización

1. O procedemento de tramitación será o regulado nos artigo 10 da Lei 37/2007, do 17 de novembro. Será competente para resolver o superior órgano unipersoal de cada entidade.

2. O órgano competente resolverá as solicitudes de reutilización no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude. Cando por volume e pola complexidade da información solicitada resulte imposible cumprir o citado prazo, poderase ampliar o prazo en quince días. Neste caso, deberá informarse ao solicitante da ampliación do prazo, así como das razóns que o xustifican.

3. No caso de que se solicite simultaneamente o acceso á información regulado na sección III do capítulo II desta Ordenanza e a reutilización da dita información, tramitarase conxuntamente polo procedemento establecido nesa Sección, aplicándose os prazos máximos de resolución previstos no artigo 20 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

4. Se no prazo máximo previsto para resolver e notificar non se ditase resolución expresa, o solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude.

Capítulo VI.- Reclamacións e réxime sancionador

Artigo 31. Reclamacións

1. As persoas que consideren que non está dispoñible unha información de carácter público que debería estar publicada, de acordo co principio de publicidade activa que preside esta ordenanza poderá cursar queixa ante o órgano competente en materia de información pública a través do sistema de avisos, queixas e suxestións. O dito órgano deberá realizar a comunicación correspondente nun prazo máximo de 10 días desde que se rexistrou a reclamación, ou no prazo determinado polos compromisos de calidade establecidos polo propio sistema de avisos, queixas e suxestións de ser este inferior.

2. Fronte a toda resolución, acto ou omisión do órgano competente en materia de acceso á información pública, os interesados poderán interpoñer reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno ou ante o órgano independente que de ser o caso estableza a Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e cos prazos e vías de reclamación, prazos de resolución e termos de notificación que o dito precepto establece.

Artigo 32. Infraccións

1. Considéranse infraccións moi graves:

a) A desnaturalización do sentido da información cuxa reutilización estea suxeita a modos de uso limitado ou autorización previa.

b) A alteración moi grave do contido da información cuxa reutilización estea suxeita a modos de uso limitados ou autorización previa.

2. Considéranse infraccións graves:

a) A reutilización de documentación sen ter obtido a correspondente autorización nos casos en que esta sexa requirida.

b) A reutilización da información para unha finalidade distinta para a que se concedeu.

c) A alteración grave do contido da información cuxa reutilización estea suxeita a modos de uso limitado ou autorización previa.

d) O incumprimento grave doutras condicións impostas no correspondente modo de uso limitado, na autorización previa ou na normativa reguladora aplicable.

3. Considéranse infraccións leves:

a) A falta de mención da data da última actualización da información.

b) A alteración leve do contido da información cuxa reutilización estea suxeita a modos de uso limitado ou autorización previa.

c) A ausencia de cita da fonte de acordo co previsto nesta ordenanza.

d) O incumprimento leve doutras condicións impostas no correspondente modo de uso limitado, na autorización previa ou na normativa reguladora aplicable.

Artigo 33. Sancións

1. Pola comisión das infraccións recollidas neste capítulo, imporanse as seguintes sancións:

a) Sanción de multa de ata 3.000 euros pola comisión de infraccións moi graves.

b) Sanción de multa de ata 1.500 euros pola comisión de infraccións graves.

c) Sanción de multa de ata 750 euros pola comisión de infraccións leves.

2. Pola comisión de infraccións moi graves e graves recollidas, ademais das sancións previstas nos parágrafos a) e b), poderase sancionar coa prohibición de reutilizar documentos sometidos a autorización ou modo de uso limitado durante un período de tempo entre 1 e 5 anos e coa revogación da autorización ou modo de uso limitado concedida.

3. As sancións graduaranse atendendo á natureza da información reutilizada, ao volume da dita información, aos beneficios obtidos, ao grao de intencionalidade, aos danos e perdas causados, en particular aos que se refiren á protección de datos de carácter persoal, á reincidencia e a calquera outra circunstancia que sexa relevante para determinar o grao de antixuridicidade e de culpabilidade presentes na concreta actuación infractora.

Artigo 34. Réxime xurídico

1. A potestade sancionadora exercerase, en todo o non previsto nesta ordenanza, de conformidade co disposto no título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. O réxime sancionador previsto nesta ordenanza enténdese sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal en que puidera incorrerse, que se fará efectiva de acordo coas correspondentes normas legais.

Artigo 35.- Órgano competente

Será competente para a imposición das sancións por infraccións cometidas contra as disposicións desta ordenanza o órgano que resulte do disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local.

Artigo 36. Réxime disciplinario

